



CANELA

LABORATORIO ESCÉNICO



LABORATORIO
ESCÉNICO
DANZA

**Espectáculo de danza urbana para rúa e espazos non
convencionais**

***Sempre presente, sempre honesta, afrodisíaca e
aromática,
CANELA esperta os teu sentidos,
transportándote moi lonxe,
ás terras das esmeraldas.
Ela é “CANELITA EN RAMA”.***





FICHA ARTÍSTICA

INTÉRPRETES

Jaimi Neves
Samuel Galán
Noelia López
Sara Tréllez
Diana Monserrat
Irene Varela
Myriam González
Lucía Vázquez

DIRECCIÓN
Alba Fernández

ASESORAMIENTO COREOGRÁFICO
Sabela Domínguez

ASESORAMIENTO Á INTERPRETACIÓN
Carmen Cotelo

ESPAZO SONORO
Jas Processor

PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN
Laboratorio Escénico S. Coop. Galega

LABORATORIO ESCÉNICO

Laboratorio Escénico é un proxecto impulsado por Laboratorio Escénico S. Coop. Galega, que busca impulsar os novos talentos, abordando a súa profesionalización dende tres eixos fundamentais: a formación profesional, a creación e produción de pezas dende a esencia colectiva da danza, e o acompañamento nas súas propias creacións, dándolles un lugar onde creala e un asesoramento artístico e á distribución.

CANELA

A peza CANELA é o resultado dun proceso de creación que comezou cunha convocatoria na procura de Artistas de Danza Urbana, co obxectivo da creación dunha peza profesional de Danza Urbana. Con esa iniciativa, procurouse respectar a esencia colectiva da danza, e que as/os bailarinas/íns formaran parte dunha compañía con 8 intérpretes, baixo unha dirección e asesoramento coreográfico. O propio proceso de creación da peza xa foi unha grande experiencia de aprendizaxe, xa que hoxe en día non é doado atopar compañías profesionais con ese número de intérpretes, polo tanto, non é habitual vivir a experiencia espacial e conceptual de seren parte dun colectivo.

CANELA é adaptable a todos os espazos, mais está especialmente pensada para rúa e espazos non convencionais. Dirixida a todo tipo de público, pretende conectar cas/os asistentes á súa representación dende a frescura e a plasticidade da Danza Urbana, mais dende un proceso creativo/conceptual máis contemporáneo.

Nun proceso de creación dende o que se tratou de integrar as habilidades físicas de cada unha/un das/os integrantes, trátase as propiedades da canela dende o corpo: presenza no paladar, aroma, proceso de extracción, etc. Todo iso lévanos ós sentidos e ás terras de Sri Lanka, de onde procede a especia.

A Danza Urbana, sempre presente, lémbra-nos a frescura da xuventude e a intensa musicalidade e virtuosismo físico e coreográfico.

DURACIÓN: 20 min.



DIRECCIÓN: Alba Fernández

Formada no Conservatorio de Danza da Deputación de A Coruña, posteriormente especialízase en Danza Contemporánea baixo a docencia de Cía Entremans. Completa a súa formación na Escola de Danza e Teatro Artestudio e en Laboratorio Escénico Coop, entre outras, cursando Teatro, Acrobacias Aéreas, Verticais, Danza Contemporánea e música. Continúa en constante formación da man de profesionais De proxección nacional e internacional, realizando formacións intensivas dende hai 16 anos con mestras/es como Lali Ayguadé, Los Innato, Chey Jurado, Kiko López, Diego Sinniger, Laura Aris e Jorge Jáuregui, La Macana, Victoria P. Miranda, Erick Jiménez, e un longo etc. Ademáis, realizou varias formacións intensivas en clown e Teatro de Movemento.

Formada en Danza Urbana en diferentes centros e convencións nacionais e internacionais, en Galicia, León, Madrid, Barcelona e Londres. Titulada como Mestra de Danzas Urbanas pola Urban Dance Factory de Barcelona (Hip hop School, Irene Pallarés), e titulada no método Hip Hop School, con matrícula de honra. Continúa en constante formación da man de profesionais de proxección nacional e internacional.

Co-coreógrafa e bailarina, da Compañía de Danza Contemporánea e Urbana Exire, xunto con Estefanía Gómez, con 16 anos de traxectoria e 3 pezas de danza contemporánea actualmente en xira: "ON" (solo de danza contemporánea para rúa), "NEXOS" (dúo de Danza Contemporánea para rúa), e "MÉDULA" (espectáculo de danza contemporánea de longo formato para teatros e espazos interiores, co-producción co Centro Coreográfico Galego).

Premio Sólodos en Danza Ourense 2017 co solo de Danza Contemporánea ON, galardonada co premio do público e xira en Costa Rica (a xira realizouse en Febreiro - Marzo de 2018). Premio á mellor coreografía no Certame Diálogos Contemporáneos de Cáceres en Decembro de 2019, coa peza NEXOS. Seleccionada como finalista do certame "Open Your Mind" (Holanda), e "Certame Internacional Burgos & New York" coa peza NEXOS. Premio á Mellor Intérprete no Festival DZM de Cáceres (2020) co solo de danza "ON".

Colabora con diferentes compañías como Pisando Ovos, Las Tricotouses, Elefante Elegante, etc.

Traballou como mestra e coreógrafa en diferentes centros de danza, como a Escola Municipal de Danza de Oleiros, entre outros, ademáis de impartir diferentes obradoiros intensivos de danza urbana e contemporánea. Actualmente, é socia co-fundadora de Laboratorio Escénico S. Coop. Galega, coa que en Setembro de 2019 abriu un centro de Artes Escénicas na cidade de A Coruña. Directora da peza de danza urbana/experimental "CANELA" (Laboratorio Escénico Danza), para 8 intérpretes. Alí desenvolve dende entón parte da súa labor artística e a totalidade da súa labor docente.





CONTACTO

Laboratorio Escénico S. Coop. Galega
administracion@laboratorioescenicocoop.com

622 798 617

www.laboratorioescenicocoop.com

TRAILER: <https://vimeo.com/444877231>

VIDEO COMPLETO: <https://vimeo.com/639045338>



